



Non tan só son terra
as dimensións da miña Patria.
Son campos e searas de esperanza,
son chairas e montañas cheas de anxeos,
son o mar e son os ríos,
as gándaras nas que corren
rebuldeiros os meniños
agardando un amencer despois da noite.
Semella ser un mundo moi pequeno
desde os ollos encollidos na distancia,
nas sombras das galaxias que non vemos.
Mais nuncra o día andado e é un todo
un universo completo, enchido de abundancias
sedutoras, que ao ir, estenden un Sol
ao fondo, emerxendo, como pobo en multitude
e de humanas transcendencias.
Tan grande é en valía e magnitudes
que todo queda aquí, abondoso e ao preto
en períos de ilusións, sempre que queiras
pois vai entre lembranzas que esquecemos
con tanto que a viviron e que a amaron
sobre os prazos dun tempo que é silencio.
A grandeza da Patria está en ti mesmo
na importancia da túa estima, a túa existencia
que pon cabo e final onde remata
o horizonte, que non priva a ollada inmensa
fascinada pola auga, pola luz, polas súas cores
nese paso xurgado por camiños e rodeiras
observando tras dos signos que quedaron
esa Historia que quedou baixo das pedras.

Baldomero Iglesias Doburrio, Mera.

POESÍA NAS FRAGAS



POESÍA NAS FRAGAS (CATASÓS A FRAGA BONITA)